

PR-G 185 Ruta da Pedra de Díaz Castro

Ruta homologada en 2016



As fragas cos seus pequenos regatos e as simpáticas personaxes creadas pola imaxinación ao contemplar os grandes bolos de granito caracterizan esta senda.

Estas fermosas paisaxes serviron de fonte de inspiración dos poemas de Xosé María Díaz Castro, impregnados da relación do home coa terra, a través da visión da vida dos seus veciños de aldea.




A ruta comeza no lugar do Vilaríño, a carón da casa de nacemento do poeta, camiñando entre carballos, bidueiros e castiñeiros chégase á casa dos antigos canteiros, testemuña dunha das profesións máis representativas do lugar.

A ruta adéntrase por camiños de terra onde os diferentes valados de pedra delimitan unha paisaxe tocada pola man do home, debuxando un mosaico de prados alternado con bosques naturais.




A través dunha variante, pódese reducir a distancia ao Buriz e visitar o petróglifo "O Agro das Calzadas".

A ruta tamén presenta dúas derivacións, unha que nos leva ao cruceiro de Riotorto e outra a Porto Muíño onde podemos ver os restos dun muíño e dun antigo lavadoiro, onde o poeta, camiño da escola, soía facer unha parada para falar coas mulleres que alí acudían a lavar a roupa, lugar que aparece representado a través dos versos do poema de "Vísperas".



Como chegar



Marcas e sinais que te guiarán no percorrido da Ruta



Sinal de continuidade, que indica o camiño correcto.



Sinal de camiño errado, que indica o camiño que non se debe coller.



Sinal de cambio de sentido, que indica un xiro á dereita ou á esquerda no sentido da marcha.



Sinal de derivación, que indica un camiño de ida e volta dende a ruta.

PR-G
185

Baliza
sendeiro principal

PR-G
185.1

Baliza
variante



Ruta sinalizada



PR-G 185
Ruta da Pedra de Díaz Castro
Guitiriz
Ruta homologada no ano 2016




PR-G[®]
185
GALICIA

Concello de Guitiriz - Lugo

Ruta da Pedra de Díaz Castro



PRG 185 Ruta da Pedra de Díaz Castro




Lenda

- Paneis informativos
- Ruta da Pedra de Díaz Castro PR-G 185
- Derivación Porto Muíño
- Derivación cruceiro de Riotorto
- Variante Ruta da Pedra de Díaz Castro PR-G 185.1
- Fonte
- Muíño
- Cruceiro
- Igrexa
- Petróglifo "O Agro das Calzadas"
-


MIDE (Método de Información de Excursións)

Horario	1h 20 min	1 Severidade do medio natural
Desnivel Subida	54 m	1 Orientación no itinerario
Desnivel Baixada	84 m	2 Dificultade no desprazamento
Distancia Horizontal	4,83 km	2 Cantidade de esforzo necesario
Tipo de Percorrido	Ida e volta	PRG -185 Ruta da Pedra de Díaz Castro


PERFIL DO SENDEIRO PRINCIPAL 185




PERFIL VARIANTE 185.1



DERIVACIÓN PORTO MUÍÑO



DERIVACIÓN CRUCEIRO DE RIORTORTO



Telefonos de interese:

Concello de Guitiriz: 982 370 109
 Policía Local: 608 986 808
 Garda Civil: 982 370 001
 Taxis: 982 370 329
 Centro de Saúde: 982 370 500
 Casa da Cultura: 982 370 601